



A LAMA

CARACTERIZACIÓN PAISAXÍSTICA

MANUEL ÁNGEL BUGALLO OTERO
& FRAN GARCÍA FERNÁNDEZ

A paisaxe, como territorio percibido, inclúe a idea global que os grupos humanos teñen dos seus espazos de habitación que van conformando as diversas escenas paisaxísticas.

A interpretación destas percepcións debe de ser abordada dende a análise do conxunto, un todo configurado por pequenos e grandes elementos que crean un sistema complexo no que as interrelacións conseguen unha importancia máxima para a configuración (simbólica e real) da contorna.

O Convenio Europeo da Paisaxe (2000) define a paisaxe como a “percepción social de calquera parte do territorio, resultado da interacción de factores naturais e/ou humanos”, é dicir, a paisaxe é o territorio tal e como o entendemos o cidadáns.

Os diversos países europeos foron integrándose neste tratado e comprometéndose ao desenvolvemento de políticas públicas para a protección, ordenación e xestión das paisaxes, outorgándolle recoñecemento xurídico nos diversos corpus normativos e políticas sectoriais.

Neste contexto, Galicia conta coa Lei 7/2008, do 7 de Xullo, de protección da paisaxe de Galicia. Derivada desta Lei desenvólvese por parte da Xunta de Galicia dende o ano 2011 a Estratexia de Paisaxe de Galicia que define diversas figuras e instrumentos para a xestión paisaxística, destacando o Catálogo das Paisaxes de Galicia e as Directrices da Paisaxe de Galicia que conformaran en conxunto o futuro Atlas das Paisaxes de Galicia.

A Estratexia de Paisaxe de Galicia estableceu no ano 2012 un mapa de 12 grandes áreas paisaxísticas á súa vez subdivididas en 50 comarcas paisaxísticas. Esta zonificación realizouse atendendo a criterios técnicos e prescindindo dos límites administrativos. Isto xera unha diverxencia entre os límites municipais e a zonificación paisaxística, dado que a paisaxe non pode circunscribirse ás liñas administrativas.


CARACTERIZACIÓN PAISAXÍSTICA DA LAMA

O concello da Lama conta nos seus 111,76 km² (IGE, 2020) cunha gran variedade de paisaxes resultado da súa posición xeográfica e condicións climáticas, do seu relevo accidentado e dos diversos usos históricos e actuais que os seus habitantes deron ao territorio.

Atendendo ao Catálogo das Paisaxes de Galicia, o concello da Lama pertence oficialmente, na súa práctica maioría, á delimitación da Comarca Vigo Prelitoral, incluída a súa vez na Gran Área Paisaxística Rías Baixas. Esta discutible delimitación pon de manifesto a dificultade para a catalogación paisaxística, resultando dificultoso establecer as diversas zonificacións, especialmente ao seguir criterios subxectivos fundamentados nas delimitacións seguindo estruturas físicas (límites de cumios, vertentes de augas, etc.) e texturas.

A Comarca Paisaxística de Vigo Prelitoral mantén vínculos cos sectores contiguos, destacando o contraste paisaxístico con estas áreas pese á proximidade. Esta posición de transición entre varios sectores paisaxísticos outorga a esta zona variados e singulares valores ambientais, estéticos e patrimoniais.

A comarca paisaxística Vigo Prelitoral é un amplo territorio de transición suave e gradual entre as Rías Baixas cara serras como o Cando e O Suído pertencentes á Dorsal Central. O gran interfluvio conformado polas bacías dos ríos Verdugo e Oitavén define este sector no que os vales encaixados dos cursos fluviais contrastan cos relevos redondeados das serras.



[Mapa das grandes áreas e comarcas paisaxísticas de Galicia] F01

A Lama localízase no sector setentrional da denominada Dorsal Central Galega. Esta sucesión de serras desenvólvese transversalmente ao territorio galego nun desenvolvemento norte-Sur e define o territorio coas serras do Cando e O Suído. Superficies planas e desgastadas caen en forte pendente cara aos vales fluviais, encaixados nos seus cursos superiores.

O relevo irregular xera un territorio con ricos matices que provocaron unha adaptación histórica do ser humano ao territorio orixinando un modelo de asentamento propio de áreas de transición a media montaña.

Serra do Cando e Serra do Suído superan o 1.000 m. de altitude sobre o nivel do mar. Aínda que en termos absolutos non son dos sistemas montañosos máis potentes de Galicia, resultan de magnitude relativa tendo en conta a súa proximidade á costa (30-50 km.) e o seu rango de pendentes entre moderadas e fortes. O Suído actúa como límite xeográfico coa provincia de Ourense cunhas elevacións medias de 800-900 m. e unha altitude máxima de 1027 m. en Coto de Puza. En certo modo pode afirmarse que Cando e Suído son as grandes serras das Rías Baixas.

As variedades topográficas destas comarcas implican variacións en canto a condicións climáticas con contrastes fortes entre a zonas de val e as elevacións montañosas.

Os numerosos afloramentos rochosos que se observan nas serra son o resultado de procesos erosivos que foron destapando o granito e outorgando a característica imaxe actual.

O relevo accidentado e a forte pluviosidade dan lugar a unha densa rede hidrográfica con numerosos ríos e regatos. En xeral, son ríos ben conservados que manteñen vexetación de ribeira e transitan por amplios bosques de frondosas, especialmente nos cursos altos.

O Suído e O Cando presentan diversos hábitats propios da media montaña característica de Galicia. A presenza humana moldeou paisaxes produtivas, agrarias e gandeiras. Entre as zonas que conservan naturalidade destacan:

» **Turbeiras:** zonas húmidas de vexetación higrófila específica. Ocupan zonas convexas de base granítica que acumulan auga ante a imposibilidade de drenaxe. Posúen flora e fauna propia adaptada ás condicións de humidade e serven de filtro a augas que alimentan a rede hidrolóxica.

» **Matogueiras:** é o hábitat que ocupa unha maior superficie no concello. Toxos, xestas e codesos ocupan gran parte das serras outorgando cores, cheiros e texturas que caracterizan a paisaxe. As grandes extensións de matogueira ocupan zonas de potencial bosque que aos poucos se foi substituíndo pola acción de pastos, incendios e cortas. Constitúe o hábitat principal de especies de fauna.

» **Fragas:** vexetación potencial de gran parte deste territorio, trátase de pequenos bosques mixtos que conforman mosaicos vexetais propios da transición entre ambientes fríos e temperados. Dúas rexións bioxeográficas conflúen na área polo que é frecuente atopar especies termófilas (sobreiras) con bosques fríos (carballos) e húmidos (betulas). Os diferentes tipos de fraga distribúanse pola serra en función da altitude. Actualmente as fragas circunscribíense a zonas baixas, resgardadas de ventos e nevaradas.

O accidentado terreo confórmasse a través dunha sucesión dun gran número de vales e elevacións. Nos vales asíntanse as entidades de poboación, establecéndose un forte con-

traste de densidade de ocupación entre as zonas baixas e as serras.

As condicións de habitación destes vales xeraron unha relación directa co territorio. Esta interacción histórica foi deixando vestixios de todo tipo, tanto no plano fisiográfico (intervención agrogandeira sobre o territorio, p.ex.) como no simbólico-espacial (crenzas, límites socioculturais, etc.). Todo iso deriva na actualidade nunha gran densidade de elementos patrimoniais, materiais e inmateriais, dificilmente localizable noutros espazos do territorio galego, xa de seu moi antropizado.

A división xeográfica é tamén unha división simbólica, a transición entre a Galicia Atlántica e a Galicia Interior. Por iso, desde o punto de vista social e cultural, A Lama presenta moitas similitudes cos concellos limítrofes da provincia de Ourense a pesar de manter unha relación funcional estreita coas comarcas de Pontevedra e de Vigo.

Desde época Moderna, Rías Baixas e O Ribeiro foron das áreas de maior desenvolvemento económico de Galicia ao orientar a súa produción ao mercado e non soamente a un modelo de subsistencia. A Lama, como sector intermedio, foi lugar histórico de paso entre ambas zonas, o que deixou rastro en diversos camiños tradicionais de relevancia funcional e simbólica: Camiño da Brea (ou Vereá), Camiño dos Arrieiros, Camiño do Alén ou a recentemente recuperada Vía Mariana.

Os valores naturais conxúganse cos valores antrópicos, sendo A Lama un espazo de singular relevancia patrimonial. A agricultura e a gandería teñen unha énfase especial na caracterización da paisaxe, especialmente nun ámbito de tradición rural.

Múltiples variables determinan as paisaxes agrarias tradicionais. A gran tipoloxía subdivídese en tres grandes funcións: agrarias, gandeiras e forestais. Configúrase así un sistema integrado pero constituído por multitude de elementos combinados.

AS PAISAXES COMO REXISTRO


O concello da Lama presenta unha combinación de valores naturais, estéticos e patrimoniais derivados dos usos e manexos históricos realizados polos ocupantes destes territorios, configurando unha paisaxe con identidade propia. A paisaxe actúa como un rexistro das actividades humanas sobre o territorio.

As paisaxes da Lama son o resultado de diversas adaptacións ó terreo no que se insiren, amosando así diferentes modelos de relación entre o espazo edificado e a topografía. Isto implica distintas realidades en función das múltiples dedicacións dos distintos espazos.

A modo de resumo, as paisaxes da Lama defínense por:

- » Usos do solo
 - Cultivos e prados
 - Mosaico de matogueiras e monte baixo
 - Mosaico de especies arbóreas autóctonas
- » **O parcelario**

As paisaxes agrarias tradicionais caracterízase pola súa irregularidade e tamaño variable. As antigas estruturas parcelarias permanecen nalgúns casos inalteradas como reflexo das paisaxes históricas.



[Mapa dos usos do solo da contorna da Lama] F02

» Elementos configuradores

A presenza de elementos propios dos modelos agrarios tradicionais permiten definir ás paisaxes históricas e as actuais. Estes elementos configuradores son variados, materiais e inmateriais, e complementan as delimitacións previas.

Destacan as paisaxes agrarias tradicionais conforman un gran legado cultural como representación da potencialidade ecolóxica do territorio e como reflexo de como este foi aproveitado polas distintas sociedades agrarias, configurando unha relevante paisaxe cultural.

O modelo agrario, en constante evolución, foi mudando dende as sociedades antigas até as contemporáneas, sen perder os esquema organizativo clásico: ager e saltus. Dentro do devir evolutivo foron quedando trazas das etapas anteriores chegando moitas delas aos nosos días e constituíndo, deste xeito, un valioso legado patrimonial como parte das paisaxes culturais.

A especial vinculación do ser humano con este territorio, ven determinada polo modelo produtivo tradicional propio da zona que incluía unha histórica gandería extensiva. Esta práctica orixinaba unha forte vinculación cos espazos de serra e cos longos camiños de tránsito cara a ela. Este modelo de explotación propio da zona que quedou reflectido en diversos elementos patrimoniais como os chozos (pequenas construcións en pedra para o resguardo) e os elementos de protección fronte ao lobo como os foxos.

BIBLIOGRAFÍA

BOUHIER, ABEL. (1977/2001): *Galicia: Ensaio xeográfico de análise e interpretación dun vello complexo agrario*. Xunta de Galicia. pp 347

BALLESTEROS ARIAS, P. (2008): "A paisaxe gandeira na serra do Suido. A construción social do espazo a través da memoria". *Revista del Museo de Pontevedra*, 62. Pontevedra pp109-143.

TUDOR, C. (2014): An approach to Landscape Character Assessment. *Natural England*. pp29-30.

XUNTA DE GALICIA (2016): *Catálogo das Paisaxes de Galicia*. Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

FIGURAS

Portada. Matriz paisaxística tradicional en Laxedo, A Lama. Fotografía cortesía dos autores.

F01. Instituto de Estudos do Territorio. Mapa das grandes áreas e comarcas paisaxísticas de Galicia. Ilustración. www.flickr.com. [Consultado: <decembro 2020>]

F02. Instituto de Estudos do Territorio. Mapa dos usos do solo da contorna da Lama Galicia. Ilustración. www.flickr.com. [Consultado: <decembro 2020>]

F03. Matriz paisaxística tradicional en Gaxate, A Lama. Fotografía cortesía dos autores.

EDICIÓN LINGÜÍSTICA

Leopoldo Cañizo Durán



[Matriz paisaxística tradicional en Gaxate, A Lama] F03